

PRECONGRESO: 10 movementos e asociacións (e parroquias, Upas, Edap...)

CONGRESO – PUEBLO DE DIOS EN SALIDA: 32 enviados dende e á diocese.

POSCONGRESO

1) Guía de Traballo: *Hacia un renovado Pentecostes*.

É importante por:

- contexto teolóxico e da situación actual (pandemia, proposta antropolóxica)
- síntese de aportacións por itinerarios
- listado de propostas por grupos de reflexión (banco de recursos)
- marco de referencia: axudar á Igrexa diocesana a dar resposta aos retos e desafíos pastorais
- froito dun exercicio de discernimento comunitario e dun proceso sinodal

2) Consello asesor de laicos.

Grupo de traballo de pastores, relixiosos e laicos en representación das 14 provincias eclesiásticas e de movementos, para impulsar o Poscongreso e expor iniciativas conxuntas de sinodalidade a nivel da Igrexa española

3) Impulso desde as Delegacións de Apostolado Segrar.

Equipos de Traballo do Poscongreso: dá a coñecer a Guía de traballo e diseña espazos na diocese para profundar nos 4 itinerarios (Primeiro anuncio, Acompañamento, Procesos formativos e Presencia na vida pública).

4) Documento: *Novos froitos* (plan de traballo)

Continuidade do Proceso espiritual, sinodal e de discernimento

Curso 2021-2022:

Exercicio de discernimento: como estamos en cada unha das nosas realidades eclesiais –e na nosa propia vida– respecto aos catro itinerario, configurado en 3 encontros: recoñecer, interpretar e elixir.

O discernimento comunitario permite descubrir unha chamada que Deus fai oír nunha situación histórica determinada.

As mocións suscitadas nos 3 encontros envíanse ao Equipo de Traballo do Poscongreso, que despois fai unha síntese para enviar ao Consello asesor de laicos.

Curso 2022-2023 e seguintes:

Encontro Nacional de Laicos con carácter periódico: profúndase en cada un dos catro itinerarios dende as claves do discernimento e a sinodalidade, coa sistemática do Congreso de Laicos en tres fases (con reflexiónes que xurdan da diocese, asociacións e movementos e que, ao final do ciclo, volva á diocese).

Ao final do ciclo, revisión desde o Consello asesor de laicos.

É un camiño cara a esta meta: *impulsar a conversión pastoral e misioneira do laicado no Pobo de Deus, como signo e instrumento do anuncio do Evanxeo da esperanza e da alegría, para acompañar ás persoas nos seus desexos e necesidades, no seu camiño cara unha vida máis plena.*

Más información: Alfredo Losada, Subdelegado Apostolado Seglar.